

1ª Andaina Polo Río Baa

verdegaiã

Plataforma de Afectados polo
Polígono Industrial de Vilar do Colo.



Distancia: 3,5 Km

Data: 14 de Abril de 2012

Hora de Saída: 11:00 da mañá

Hora Prevista Chegada: 16:30

Lugar de Encontro: Na pista que transcorre paralela á autoestrada, e que une o Polígono Industrial de Vilar do Colo coa estrada que une Limodre e Laraxe.

Lugares de Interese (onde se fará unha parada para comentar as peculiaridades da zona):

- ✓ Marco de San Lourenzo.
- ✓ Castro de Prismos
- ✓ Muíño de Petra
- ✓ Humidais do Río Baa

Prevese facer unha parada no muíño para comer (cada un debe traer a súa comida)



Coordenadas de Partida

Coordenadas:	XML
Datum:	WGS84
Latitud:	43° 26' 31,39" N
Longitud:	8° 10' 20,73" W
Huso UTM:	29
Coordenada X:	566.968,93 m
Coordenada Y:	4.810.238,40 m

Teléfonos de Contacto:

Xavi: 651884692

César: 649243611

Antonio: 608247955

Alexandre: 690612737

Serxio: 662428976

Hai uns anos, antes da chegada do Polígono Industrial, era doado facer rutas a pé polas beiras do río Baa seguindo os múltiples carreiros que os veciños tiñan para transitar entre as distintas parroquias da zona ou para achegarse ás súas terras.

Naqueles tempos, cando aínda non había tres coches por cada casa, a xente usaba estas vías de comunicación para poderse achegar ao médico, para ir ás feiras ou para axudar á familia ou veciños nas labores agrarias que eran a base fundamental da economía familiar.

Esta andaina pretende ser o inicio da recuperación deses camiños case esquecidos que só os lugareños temos na nosas memoria

O roteiro transcorre polos montes de Prismos, un lugar dunha gran riqueza medioambiental e etnográfica onde se conxuga a beleza das súas paisaxes coa existencia de vestixios ancestrais nos que se conservan tradicións milenarias.